



Convocatoria do plan propio da Universidade da Coruña para o préstamo de ordenadores portátiles ao seu estudiantado no curso 2023-24

Co fin de paliar a fenda dixital, a Vicerreitoría de Estudiantes, Participación e Empregabilidade considera necesario publicar esta convocatoria de préstamo de ordenadores portátiles destinada ao alumnado matriculado no curso 2023-24 que se atope en situación de dificultade.

Para iso, poñeranse ao dispor do alumnado da UDC que o necesite para a súa formación universitaria, e baixo a modalidade de préstamo, 20 ordenadores portátiles coas seguintes características: HP 255 G9 6S6F6EA Ryzen 5 5625U/ 8GB/ 512GB SSD/ 15.6"; SOFT.MICROSOFT WINDOWS 11 HOME 64B DVD (KW9-00656).

BASES

PRIMEIRA. Obxecto

O obxecto do programa é o préstamo de ordenadores portátiles coa finalidade de garantir que o alumnado que careza dos medios necesarios poida continuar coa súa formación universitaria.

SEGUNDA. Requisitos

Poderán ser persoas beneficiarias as que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Estar matriculada nunha titulación oficial de grao ou máster, nun centro propio da UDC, durante o curso académico 2023/24 e estar ao corrente de pago dos prezos públicos correspondentes. Requírese manter a matrícula todo o curso.
- b) Non dispoñer de ordenador portátil.
- c) Aceptar as condicións de préstamo, e a devolución do ordenador portátil segundo as bases establecidas nesta convocatoria.

Non poderá participar o alumnado que estea a cursar un programa de mobilidade nacional/internacional durante o curso 2023/24.

Este préstamo é incompatible coa percepción de calquera axuda de carácter público ou privado para a mesma finalidade.

TERCEIRA. Duración

A duración do préstamo do ordenador portátil será ata que cesen as causas polas que se solicitou ou, en todo caso, ata o 19/07/2024.

CUARTA. Material

Os 20 ordenadores portátiles susceptibles de préstamo son propiedade da Universidade da Coruña e serán empregados exclusivamente con fins académicos. Calquera outro uso poderá dar lugar a responsabilidade económica e disciplinaria.



QUINTA. Solicitudes

O préstamo realizarase previa solicitude do alumnado interesado, dirixida á Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Empregabilidade.

Esta solicitude realizarase a través do documento que figura como Anexo I nesta convocatoria, que deberá enviarse debidamente cuberto e asinado polo/a solicitante ao correo electrónico sape@udc.es

Xunto coa solicitude, achegarase o xustificante de pago dos prezos públicos/taxas de matrícula do curso 2023/2024.

SEXTA. Prazo de presentación das solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes iniciarase o 11/09/2023, e estará aberto ata que se realice o préstamo de todos os ordenadores portátiles dispoñibles.

SÉTIMA. Tramitación

O órgano competente para resolver o procedemento será a vicerreitora de Estudantes, Participación e Empregabilidade.

O criterio de prelación e adxudicación será por rigorosa orde de presentación das solicitudes no correo electrónico sape@udc.es, do alumnado que xustifique o cumprimento dos requisitos esixidos nesta convocatoria, de acordo con as bases segunda e quinta.

OITAVA. Resolución

A resolución desta convocatoria notificarase, a través da conta de correo institucional da UDC, a cada persoa solicitante.

A vicerreitora de Estudantes, Participación e Empregabilidade está facultada para resolver calquera dúbida relacionada coa convocatoria.

NOVENA. Entrega e devolución do material

O préstamo dos ordenadores portátiles é persoal e intransferible. A entrega realizarase:

- a) Para o alumnado matriculado nunha titulación que se imparta no Campus da Coruña, no Servizo de Estudantes (Pavillón de Estudantes. Campus de Elviña).
- b) Para o alumnado matriculado nunha titulación que se imparta no Campus de Ferrol, no Negociado de Asuntos Xerais (Edificio de Usos Administrativos, primeiro andar, campus de Esteiro).

As persoas beneficiarias procederán á devolución do ordenador portátil cando cesen as causas polas que se solicitou, e, en todo caso, ata o 19/07/2024, tal e como se recolle na base terceira desta convocatoria, e farano de forma presencial no mesmo lugar en que se fixo a súa entrega.

Unha vez devoltos, os ordenadores portátiles serán formatados, polo que a persoa beneficiaria será a responsable de extraer aquela información que queira conservar. A UDC non se fai responsable da posible perda de información.



No caso de que non se devolva o ordenador portátil, a UDC emprenderá as accións que permitan a súa recuperación ou a indemnización dos gastos xerados.

DÉCIMA. Condicións do préstamo

O alumnado beneficiario acepta as condicións de préstamo, fixadas nesta convocatoria, e será responsable da custodia e uso correcto do ordenador portátil, que deberá destinar a actividades académicas universitarias, mediante os recursos TIC que a UDC pon á súa disposición.

A persoa beneficiaria comprométese a non manipular nin o hardware nin o software instalado.

No caso de extravío, deterioración ou perda do ordenador portátil cedido en préstamo, a persoa beneficiaria será responsable da súa reposición.

Calquera anomalía ou mal funcionamento durante o préstamo debe ser comunicado inmediatamente ao correo electrónico sape@udc.gal ou a través da páxina web Axuda TIC, axudatic.udc.gal

UNDÉCIMA. Protección de Datos

En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos ("Regulamento Xeral de Protección de Datos" ou RGPD), e do artigo 11 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informamos que os datos que a persoa interesada facilite mediante a concorrencia a esta convocatoria, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), cuxos datos de contacto son Rúa Maestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981167000, correo electrónico secretaria.xeral@udc.gal

A solicitude do préstamo do ordenador portátil implica a aceptación do contido da convocatoria e a autorización para que os seus datos persoais sexan utilizados pola UDC, de acordo coa LOPD e lexitimándose nalgunha das bases previstas no artigo 6 do RGPD, coa finalidade da correcta xestión das axudas. Todas as persoas que entren en contacto con estes datos coa citada finalidade cumprirán o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da LOPD.

Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consente expresamente na publicación dos seus datos na resolución da solicitude, no Taboleiro Oficial da Sede electrónica da UDC, na forma prevista na Disposición Adicional 7ª da Lei Orgánica 3/2018, de protección de datos persoais. A resolución desta convocatoria permanecerá publicada no devandito taboleiro. Os datos persoais serán conservados mentres resulten necesarios para as finalidades do tratamento e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente, sen prexuízo do previsto en relación co exercicio do dereito de supresión e outros dereitos recollidos na LOPD.

A persoa interesada consente no tratamento dos datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos. Ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos.



Estes dereitos poderá exercelos:

- a) Prioritariamente, a través do formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais, que se pode cumprimentar na Sede Electrónica da UDC <https://sede.udc.gal/> no apartado Outros trámites;
- b) Mediante solicitude ao responsable do tratamento dos datos (UDC, Secretaría Xeral), á dirección Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa Maestranza 9, 15001, A Coruña, ou ao correo electrónico rpd@udc.gal. Tamén poderá presentarse a solicitude a través do rexistro telemático da Sede Electrónica da UDC ou nos rexistros presenciais da UDC.
- c) Mediante solicitude á persoa delegada de Protección de Datos, á mesma dirección postal anteriormente indicada, ou ao correo electrónico dpd@udc.gal. Tamén se poderá presentar a solicitude a través do rexistro telemático da citada Sede electrónica ou nos rexistros presenciais da UDC.

Así mesmo, ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

Asinado no lugar e data da firma dixital.



ANEXO I



SOLICITUDE DE PRÉSTAMO DE ORDENADOR PORTÁTIL CURSO 2023/2024

DATOS PERSOAIS		
DNI:	APELIDOS:	NOME:
XÉNERO: <input type="checkbox"/> Masculino <input type="checkbox"/> Feminino <input type="checkbox"/> Non binario <input type="checkbox"/> Outro		
GRAO/MÁSTER NO QUE ESTÁ MATRICULADO/A		
DIRECCIÓN A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN		
CORREO ELECTRÓNICO:		TELEFONO MÓBIL:
RÚA:	Nº:	ANDAR:
CONCELLO:	CÓDIGO POSTAL:	PROVINCIA:

Expón:

- Que non dispoño de ordenador portátil.
- Que non percibo ningunha axuda de carácter público ou privado para a mesma finalidade.
- Que autorizo á UDC a solicitar da Axencia Estatal de Administración Tributaria os datos necesarios para determinar a renda da miña unidade familiar.
- Que acepto as condicións de préstamo, e a devolución do ordenador portátil cando cesen as causas polas que se solicitou, e, en todo caso, antes do día 19/07/2024, segundo as bases establecidas na convocatoria.
- Coñezo e acepto os termos da protección de datos (undécima base da convocatoria)

SINATURA DO ALUMNO/A	
-----------------------------	--

DATOS DO ORDENADOR PORTÁTIL PRESTADO		SERV. ESTUDANTES A CORUÑA/ FERROL
Nº SERIE:	Nº INVENTARIO	DATA/SELO:
RECIBÍN O ORDENADOR PORTÁTIL:	DATA/SINATURA:	

DEVOLUCIÓN DO ORDENADOR PORTÁTIL

ALUMNO/A	SERVIZO ESTUDANTES A CORUÑA/FERROL
SINATURA:	DATA/SELO: